



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. **Sonia Rodríguez-Campos González**, Directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante, EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo,

doutra parte, D. **Antonio López Díaz**, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, nomeado segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, (DOG núm. 56, do 22 de marzo) de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 82 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG núm. 29, do 12 de febreiro), con enderezo na Praza do Obradoiro, s/n, Santiago de Compostela, A Coruña,

doutra parte, D. **Julio Ernesto Abalde Alonso**, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 5/2020, do 9 de xaneiro, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 36.1.f dos Estatutos da Universidade de A Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG n.º 100, do 26 de maio) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n.º 201, do 17 de outubro), con enderezo na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña,

doutra parte, D. **Manuel Joaquín Reigosa Roger**, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117 do 20 de xuño de 2022), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario,, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG núm. 38, do 22 de febreiro), con enderezo en Edificio Reitoría, campus universitario, 36310 Vigo,

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte Convenio de Colaboración, e





EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO. - Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO.- Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Universidade da Coruña é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Universidade de Vigo é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTO.- Que todas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións, establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo a través do presente convenio, actuando da forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de todas as partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

En virtude do exposto e recoñecéndose todas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O convenio terá por obxecto a colaboración entre a EGAP e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo.

SEGUNDA.- Actividades formativas.

As actividades formativas ás que terán acceso o persoal de administración e servizos das Universidades asinantes deste convenio son as recollidas nos seus anexos:

1º As actividades de formación continua da EGAP descritas no seu anexo I.

2º As actividades de formación do portal de idiomas, do plan formativo ofimático, así como dos cursos en materia de igualdade e violencia de xénero e dos cursos da área de Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios. Tal e como queda reflectido no anexo II, a EGAP reservará para o persoal de administración e servizos das Universidades un 10% do total de prazas ofertadas para os ditos cursos.

TERCEIRA.- Dereitos e obrigas.

A EGAP e as Universidades adquiren os seguintes dereitos e compromisos:

1º. Todas as partes:

a) Poñer a disposición as súas instalacións, os seus medios telemáticos e os seus medios persoais e materiais para o desenvolvemento das actividades formativas nas que consonte a cláusula segunda participe o persoal das Universidades.

b) Difundir as actividades formativas convocadas ao abeiro deste convenio.

c) Intercambiar información relativa ao persoal das Universidades que soliciten realizar os cursos aos únicos efectos de facilitar a selección para a súa participación nas accións formativas derivadas deste convenio. En tal sentido, corresponderá á EGAP remitir a cada Universidade as listaxes de persoas ao seu servizo que teñan solicitado tomar parte nelas e as Universidades achegarán a xustificación dos datos administrativos que son precisos para poder aplicar a EGAP os seus criterios de selección.





Isto farase mediante o procedemento que se estableza por acordo das partes e no que se dea cumprimento ás exixencias contidas na normativa vixente en materia de protección de datos.

d) Cumprir coas obrigas reflectidas na cláusula décima deste convenio.

2º. As Universidades:

Recoñecer para o alumnado os créditos ECTS correspondentes en función da duración das xornadas ou cursos, conforme ó que establece o seu regulamento.

A tal efecto, as Universidades deberán remitir á EGAP, con carácter previo, as actividades susceptibles de recoñecemento, de acordo co procedemento establecido por estas.

3º. A EGAP:

a) Costear as accións formativas que se deriven deste convenio nas cantidades ás que se refire a cláusula quinta.

b) Reservar para o persoal de administración e servizos das Universidades un 10% do total de prazas ofertadas dentro do portal de idiomas e do plan formativo ofimático que prevea o seu plan de formación anual, así como das incluídas nos cursos ofertados en materia de igualdade e violencia de xénero e de Unión Europea que se determinen.

c) Dar acceso ao devandito persoal ao programa de autoformación incluído no seu plan de formación anual.

d) Facer constar o recoñecemento para o alumnado dos créditos ECTS correspondentes en toda a publicidade e a difusión das xornadas e dos cursos.

CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral e un xefe ou xefa de servizo deste organismo que designe a súa directora, ou persoas en quen deleguen; e, por parte do resto de entes asinantes, dúas persoas en representación de cada unha.

Sen prexuízo do establecido no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público respecto das funcións do órgano de vixilancia e control, a Comisión de Seguimento terá, as seguintes funcións:

1. Seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do convenio.

2. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.





QUINTA.-Financiamento.

A EGAP financiará, no que atinxe á participación do persoal das Universidades nas actividades formativas obxecto deste convenio, o custe estimado coa achega de 66.480 euros desagregados do seguinte xeito:

1. Nos cursos incluídos no Plan Anual de Formación da EGAP como cursos das Universidades, a EGAP financiará os custos dos cursos de formación continua cunha achega dun importe de 35.325 euros con cargo á partida orzamentaria 07.81.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2023.

2. De acordo coa tramitación ordinaria da formación continua da EGAP, nos cursos relativos ao plan formativo ofimático e ao portal de idiomas, así como nos cursos de igualdade e violencia de xénero e Unión Europea, a EGAP financiará os seus custos con cargo á partida orzamentaria 07.81.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2023, equivalendo á cota do 10% que se reserva ao persoal das Universidades a 31.155 euros.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio son titularidade conxunta da EGAP e do resto de entes asinantes.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

OITAVA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio.

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, en calquera momento e por algunha das causas legalmente previstas, poderán poñerlle fin por vontade expresa de calquera das partes sempre que medie un aviso previo de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á calquera das outras para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

NOVENA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do





procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e polas demais normas de dereito administrativo.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial, no que se refire á publicidade deste convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre o contido e a aplicación deste convenio que non podan ser resoltas no eido da Comisión Mixta de Seguimento serán de coñecemento e da competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativo.

DÉCIMA.- Obrigas en materia de protección de datos.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento destes datos persoais é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

As persoas asinantes manifestan o seu consentimento para que poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto aqueles datos persoais, de entre os recollidos neste deste convenio, e mailo resto de especificacións nel contidas, que poidan resultar necesarios para o cumprimento da lexislación vixente en materia de información pública.

Respecto dos datos persoais sobre os que cada unha das partes ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante estas o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no





artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.

2. Deber de confidencialidade.

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- a utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- a non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

3. Desenvolvemento das actividades formativas.

As partes adoptarán as medidas de seguridade precisas para que toda persoa que interveña na organización e o desenvolvemento das actividades formativas derivadas deste convenio:

- respecten o deber de confidencialidade en relación cos datos persoais que sexan manexados no exercicio das competencias derivadas deste convenio;
- se limite na medida do posible o acceso aos datos de carácter persoal;
- se traten os datos persoais exclusivamente para a finalidade prevista neste convenio.

Así mesmo, as partes asumen a obriga de non ceder os datos de carácter persoal a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.





UNDÉCIMA.- Vixencia.

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2023.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e subscríbese como proba de conformidade.

Pola Escola Galega de Administración
Pública,

Pola Universidade de Santiago de Compostela,

Sonia Rodríguez- Campos González

D. Antonio López Díaz

Pola Universidade da Coruña,

Pola Universidade de Vigo,

D. Julio Ernesto Abalde Alonso

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger





ANEXO I CURSOS ESPECÍFICOS PARA UNIVERSIDADES DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN

Denominación curso	Modalidade	Edicións	Prazas	Horas	Orzamento €
A Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación	Teleformación	1	50	20	2.140€
Xestión de recursos humanos nas universidades	Teleformación	1	50	25	1.225 €
Revisión dos actos en vía administrativa	Teleformación	1	50	25	1.225 €
Os contratos do sector público	Teleformación	1	50	30	1.470 €
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	Teleformación	1	50	25	1.225 €
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	Teleformación	1	50	25	1.225 €
A transformación e evolución do emprego público desde a Lei 2/2015	Teleformación	1	50	20	980 €
Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	Teleformación	1	50	20	980 €
Transparencia: acceso á información pública e publicidade activa	Teleformación	1	50	25	1.225 €





Denominación curso	Modalidade	Edicións	Prazas	Horas	Orzamento €
Técnicas elementais de arquivos	Teleformación	1	50	25	1.225 €
Básico en prevención de riscos laborais	Teleformación	1	50	50	2.450 €
Organización e simplificación do traballo administrativo	Teleformación	1	50	12	630€
Pensamento analítico e toma de decisións	Telepresenza	1	30	16	1.430 €
Atención plena e xestión do estrés	Telepresenza	1	35	15	1.350 €
Como empregar metodoloxías áxiles no meu posto de traballo	Telepresenza	1	25	12	960€
Prevención e xestión de conflitos	Teleformación	1	50	25	1.225€
Técnicas efectivas para presentacións	Teleformación	1	50	20	980€
Boas prácticas ambientais nas administracións públicas	Teleformación	1	50	30	1.470€
Seguridade da información no ámbito das universidades públicas	Teleformación	2	100	30	2.940 €
Introdución á protección de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais	Teleformación	2	100	30	2.940 €
Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	Teleformación	1	50	25	1.225 €
Dixitalización de documentos	Teleformación	1	50	25	1.225 €
Reutilización da información do sector público. Open data	Teleformación	1	50	20	980 €
A normativa do galego estándar: actualización gramatical, ortográfica e léxica	Mixto (Teleformación e telepresenza)	1	30	40	2.600 €
TOTAL					35.325 €





ANEXO II COTAS PLAN FORMATIVO OFIMÁTICO, PORTAL DE IDIOMAS, CURSOS DE IGUALDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO E CURSOS DE UNIÓN EUROPEA

Parte do plan	Orzamento €
Plan formativo ofimático	7.644 €
Portal de idiomas	15.345 €
Cursos de Igualdade e Violencia de xénero	6.314 €
Cursos Unión Europea	1.852 €
Total	31.155€

